

ANEXO 2: DECLARACIÓN XUSTIFICATIVASUBVENCIÓN A ASOCIACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAS
2012

D/DNA..... con DNI

como representante da entidade

DECLARA

1.- Que en en relación á convocatoria por parte da Concellería da Concellería de Cultura do Concello de Bueu de subvencións para a realización de actividades culturais durante o ano 2012, o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou doutros entes públicas ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ó abeiro desta orde, son as seguintes:

Administración/entidade	Importe solicitado	Importe concedido

NINGUNHA SUBVENCIÓN

(Marcar cun X no seu caso)

2.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e que son certos os datos presentados.

3.- Que a entidade solicitante esta ao corrente no pago das obrigas fiscais (Axencia estatal da Administración tributaria, Facenda da Xunta de Galicia e Concello de Bueu) e no pago das obrigas da Seguridade social.

Bueu, de de 2012

sinatura da persoa solicitante

Bueu, 19 de abril de 2012. —O Concelleiro de Cultura, Mocidade e Innovación, Andrés Lamosa Barros.

2012005404

* * *

O GROVE**E D I C T O**

De conformidade co establecido no art. 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública a notificación da resolución que a continuación se indica aos seguintes interesados, xa que habéndose intentado a notificación no seu último domicilio coñecido esta no se puido practicar.

INTERESADOS: Herdeiros de Alejandro Padín Cacabelos

Último domicilio coñecido: Concello de Vigo.



“Comunícolle a seguinte:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Grove 23 de febreiro de 2012

Vistos os informes emitidos en relación cos seguintes antecedentes:

Asunto INMOBLE CON DILATACIÓNS PRONUNCIADAS
Interesado IRMANS PADIN CACABELOS
Situación AGUEIRA 4 – O GROVE

Antecedentes:

Constan no expediente informes da policía local e do técnico municipal no que se comproba o estado da edificación.

Fundamentos de dereito:

Artigo 199, en relación co artigo 9, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, onde se establece a obriga dos propietarios de inmobles de mantelos, en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

De conformidade cos antecedentes e fundamentos de dereito examinados,

R E S O L V O :

Iniciar expediente administrativo sobre orde de execución para esixir a adopción de medidas de seguridade respecto do inmovible citado, dando traslado aos interesados de copia dos informes obrantes no expediente.

Poñer de manifesto ao interesado o expediente en trámite de audiencia por prazo de dez días hábiles a contar dende o recibo desta notificación, durante o cal poderán alegar e presentar os documentos e xustificantes que estime pertinentes.

Advertir á propiedade, que as actuacións administrativas ou a adopción de medidas de urxencia pola administración, non a exime das responsabilidades de todo orde en que puidese incurrir.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos, facéndolle saber que contra a anterior resolución poderá formular alegacións no prazo que se lle indica. Pola súa condición de acto de trámite e sen prexuízo das alegacións, non procede a interposición de recurso; non obstante poderá formular calquera recurso que estime conveniente..—O Secretario.—Francisco Javier Novoa Juiz”

O Grove, 22 de maio de 2012.—O Alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2012005374

* * *

NIGRÁN

A N U N C I O

Expte. nº: 2012/01 PS

Esta Alcaldía Presidencia con data 11 de maio de 2012 aproba a convocatoria pública e as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar, grupo C subgrupo C2, con carácter de funcionario de carreira, que se publican a seguir deste anuncio.